

O II Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía reúne a autoridades locais de 7 países

- O encontro organizado polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade celébrase o 25 e 26 de novembro en Braga e online co apoio da Xunta de Galicia
- Representantes de Galicia, Portugal, Brasil, Guinea-Bissau, Mozambique, Cabo Verde e Príncipe abordarán a “localización” da Axenda 2030 tras a Covid-19

Pontevedra, 16 de novembro de 2021. Autoridades locais de Galicia, Portugal, Brasil, Guinea-Bissau, Mozambique, Cabo Verde ou São Tomé e Príncipe participarán os días 25 e 26 de novembro no II Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía, que non puido celebrarse en 2020 por mor da pandemia. ‘**A localización dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible tras a Covid-19: unha mirada desde o xénero**’ é precisamente o título desta edición, organizada polo [Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade](#) co apoio da Xunta de Galicia e en colaboración coa Unión das Cidades Capitais de Lingua Portuguesa (UCCLA).

O encontro, convocado arredor do **Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres**, desenvolverase nunha dobre modalidade: virtual a través de videoconferencia e presencial na sala de congresos do Altice Forum Braga (Portugal), en horario de 16:00 a 20:00 segundo a hora galega. As consecuencias do coronavirus sobre as comunidades locais, os retos do municipalismo perante o cambio climático, a igualdade de xénero e o empoderamento das mulleres e nenas ou ruralismo e ODS son algúns dos temas que centrarán as mesas de debate, que se complementan con outras presentacións sobre educación para a cidadanía global e sobre a implementación da [Axenda 2030](#) no eido local.

A **delegación galega** estará integrada por Juan González, alcalde de Nigrán e presidente do Fondo Galego; Odilo Barreiro, concelleiro de Moaña; Paula González, edil de Cabanas; Raquel Caruncho, concelleira de Pontedeume, e Victoria Alonso, deputada de Igualdade da Deputación de Pontevedra, xunto co subdirector xeral de Acción Exterior e Cooperación Transfronteiriza da Xunta de Galicia, Xosé Lago, que intervirá na inauguración. A maiores, representantes de entidades locais ou de redes de **municipios dos outros seis países convidados** achegarán a súa experiencia. Ademais, marcaranse os próximos pasos da Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS.

As persoas interesadas en asistir ao II Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía, tanto online como presencialmente, poden consultar o programa completo e inscribirse en www.bit.ly/ForoLusofonia. En ambos os dous casos contarase con interpretación galego-portugués e viceversa.

O Fondo Galego

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está integrado por 100 concellos e as deputacións de Pontevedra, A Coruña e Lugo, que concentran a través desta rede os seus esforzos no eido da cooperación ao desenvolvemento. Garántese deste xeito unha xestión profesional e transparente, así como a realización de proxectos con impacto nos países do Sur e a sensibilización da sociedade galega a prol da solidariedade internacional.

Recoñecido como axencia municipal da cooperación galega, desde a súa fundación en 1997 o Fondo Galego ten desenvolvido 170 proxectos en 32 países e promove numerosas actividades e materiais en relación aos desequilibrios Norte-Sur.

ÁREA DE COMUNICACIÓN

Carmen Novas 616 145 077

comunicacion@fondogalego.org

